

ACTA NÚMERO 02/2010
XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO
E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

ASISTENTES

POLA DIRECCIÓN:

D. FRANCISCO JAVIER CARAMES CASAL

D^a. PILAR RIBEIRO MARTINEZ

D^a. ANA M^a CAPDEVILA ARGÜELLES

D^o. MARIA PARDO COROMINAS

D^a. BELEN VAZQUEZ PACHECO

D^a CONCEPCION LOPEZ MELENDEZ

D^a. LOURDES PIÑEIRO TRONCOSO

POLA COMISIÓN DE CENTROS:

D. CARLOS VARELA VIGO- CSI-CSIF

D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE

D^a. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-CEMSATSE

D^a. M^a TERESA NUÑEZ GALLEGU-CEMSATSE

D. MANUEL RODRIGUEZ PIÑEIRO-O'MEGA

D^a. DAMIANA GULLON DOMINGUEZ-SGPS

D^a. PURIFICACION VILLAR DE TORO- SGPS

D. ANGEL CAMESELLE CORBACHO-CC.OO.

D^a. ALAZNE ACHALANDABASO CUBAS- UGT

D^a. ARACELI LOUREIRO SOUSA-CC.OO.

D^a. MANUELA FRAGOSO ULLA- SAE

En Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte seis de marzo de dous mil dez, reúnense na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:

-- ORDE DO DÍA --

- 1.- Protocolo licencias e permisos/vacacións 2010.
- 2.- Instersubstitución: Ampliación axendas, substitucións IT, cobro complemento de intersubstitución.
- 3.- PAC Vigo: Calendarios. Motivos cese/renuncia Director Médico Atención Continuada.
- 4.-Substitución horas sindicais.
- 5.- Tomiño: problemas coa climatización e rampa
- 6.- Reclamación información pendente de enviar pola Xerencia á Comisión de Centro: vacantes auxiliares de enfermería, mobilidade interna, etc.
- 7.- Comisión de servizo: Información sobre os últimos movementos.



PUNTO PRIMEIRO.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR.

Apróbanse as actas nº 8/09 e 01/10 das reunións celebradas os pasados días 16 de decembro de 2009 e 17 de febreiro de 2010, respectivamente.

PUNTO SEGUNDO.- PROTOCOLO LICENCIAS E PREMISOS/VACACIÓNS 2010.

- COMISIÓN DE CENTRO: Problemas de interpretación na porcentaxe de substitución. Problemas centros con período vacacional, aplicase o protocolo.
- XERENCIA: Aplícase o 33 %, agás naquelas categorías con dificultade de substituír.
- SATSE: Pide información en que centros se baixa o 33 %.
¿Como se van a cubrir as ausencias? ¿prelación á hora de substituír?
- XERENCIA: Estanse recibindo as solicitudes, informarase na próxima xuntanza.

O que se vai a intentar é que se vaian da forma máis axustada á que queren os profesionais.

Dentro do límite orzamentario que temos faranse substitucións, prolongacións, intersubstitucións.

- CEMS: Nas prolongacións: O que se pactou son axendas de 4 horas, cada 7 minutos e se xorde domicilio desa cota ou urxencias aténdense. Unha vez corrixidas as disfuncións a única forma de ir de vacacións é con prolongacións.

Acordos o DOG, xuño 2008, en canto a substitucións non está derogado e di:

- o Substitucións
- o Prolongas
- o Intersubstitucións

Se non se quere cumprir a norma, haberá que derogalo.

- XERENCIA: Iremos cumprir as normas e conxugalo coa necesaria eficiencia orzamentaria.
- CC.OO.: O acordo hai que cumprilo, e que se faga en todos os centros da área.
- XERENCIA: Seguimos o protocolo negociado coa comisión de centro
- CC.OO.: Non hai homoxeneidade en todas as categorías, os acordos internos son revocabes xuridicamente e para o ben de todas as partes é necesario chegar a un acordo que beneficie a todos.
- XERENCIA: Prima a autonomía nos centros, non se aceptaría ben unha norma rixida. Os problemas puntuais que se presentan vanse resolvendo centro a centro.
- CC.OO.: Propón unha comisión de traballo para elaborar un novo protocolo.



- O`MEGA: Existe un documento acordado que é o que se pode aplicar, se o erro que hai é na porcentaxe á Administración eméndo, independentemente de que se poida prantexar un novo.
- XERENCIA: Xa se recoñeceu o erro e estase aplicando o 33 %.
- O`MEGA: O documento enténdese de mínimos, o cal non implica que non houberse acordos internos no centro, sempre que non se prexudique a terceiros.
- XERENCIA: Mantense o acordo existente coa corrección do 33% para as vacacións do 2010, sen perxucio de que se empece a traballar nun acordo novo.

PUNTO TERCEIRO.- INTERSUBSTITUCIÓN: AMPLIACION AXENDAS, SUBSTITUCIÓN IT, COBRO COMPLEMENTO DE INTERSUBSTITUCION.

- XERENCIA: A percepción do complemento de intersubstitución require a atención efectiva da cota de pacientes do ausente e para que isto ocorra a axenda non pode estar bloqueada.
- CEMS: Redistribución no centro de citas de ausentes. Propón ocas fixas en axenda para xestionar a intersubstitución.
- SATSE: As axendas de enfermería non se bloquean.
- XERENCIA: Si, bloquea o xefe de servizo o a coordinadora de enfermería o á responsable de ausencias, se non hai xefe de servizo.
- SATSE: Complemento intersubstitución, estase abonando houbo unha reunión onde se dixo que non se ía a cobrar desde o primeiro día.
- XERENCIA: Díxoselles que nos se abonarían as axendas bloqueadas.
- SATSE: Si se bloquea a axenda, ¿quen fai os domicilios do ausente, as curas programadas?. Non queremos que se cobre intersubstitución, queremos a substitución, se desde a xerencia deciden non substituír, que cobren o complemento de intersubstitución.
- XERENCIA: Cando a axenda do ausente está aberta abónase a intersubstitución. Hai unha ferramenta informática de redistribución de citas/distribución de axendas.
- COMISION DE CENTRO: Quedamos á espera de que nos presentedes a ferramenta de distribución de axendas, cun suposto práctico.
- XERENCIA: Na próxima reunión faremos una presentación en PPT.

PUNTO CUARTO.- PAC VIGO: CALENDARIOS. MOTIVOS CESE/RENUNCIA DIRECTOR MEDICO ATENCION CONTINUADA.

- CEMS: A anterior dirección medica de atención continuada (DMAC), reuniu aos profesionais do PAC de Vigo e díxolle que se ía facer o calendario desde a xerencia.

O 19 de xaneiro coa nova DMAC, faise unha reunión e propón que fagan os calendarios os profesionais.

O 6 de febreiro preséntase un calendario que a dirección non aproba e di que se fará desde a xerencia.

Envíanse varios calendarios que se van anulando por erros na súa confección, chega un novo calendario de abril e maio con data 25 de marzo que en principio esta ben, pero é necesario que os profesionais, tanto enfermería como médicos, coñezan con tempo as súas gardas.

- XERENCIA: A elaboración do calendario do PAC de Vigo é especialmente complexa. Na reunión do 19 de xaneiro dise que a mellor opción sería que o calendario sexa feito polos profesionais.

Como non hai acordo para facelo polos profesionais, nestes momentos, estanse confeccionando os calendarios desde a xerencia. Enviáronse os de abril e maio, e nos próximos días enviase xuño, xullo e agosto, estando pendentes de recibir as solicitudes de vacacións dos voluntarios.

PUNTO QUINTO.- SUBSTITUCIÓN HORAS SINDICAIS.

- COMISION DE CENTRO: A substitucións de horas sindicais, non se están cubrindo.
- XERENCIA: Puntualmente non se substituíu por non ter substituto.
- COMISION DE CENTRO : Se o interesado consegue substitutos ¿cubriríase?
- XERENCIA: Si.

PUNTO SEXTO.- TOMIÑO: PROBLEMAS COA CLIMATIZACIÓN E RAMPA.

- COMISION DE CENTRO: Novidades.
- XERENCIA: Publicouse no DOG a licitación, está en proceso de adxudicación.
- COMISION DE CENTRO: ¿Prazos?
- XERENCIA: Si se apuraran os prazos, podería estar listo a finais de maio.
- CC.OO.: Hai requirimento da Inspección de Traballo que hai que cumprir, non cremos que este rematado en maio, polo que se tomarán as medidas oportunas.
- COMISION DE CENTRO: ¿A rampa ?
- XERENCIA: En principio é un tema da empresa construtora. Farase seguimento.

PUNTO SÉTIMO.- RECLAMACIÓN INFORMACIÓN PENDENTE DE ENVIAR POLA XERENCIA Á COMISIÓN DE CENTRO: VACANTES AUXILIARES DE ENFERMERÍA, MOBILIDADE INTERNA, ETC..

- COMISION DE CENTRO: Solicitamos a lista de prazas vacantes e a resolución de mobilidade interna 2010.

Vacantes auxiliares de enfermería: quedouse en valorar a redistribución desas prazas e a súa localización noutros centros. Reclámanse ao haber solicitude de comisións de servizo por motivo de conciliación da vida familiar, e non son prazas novas, son prazas orzamentadas.

- CC.OO.: ¿Vaise a concretar a cobertura destas prazas?
- XERENCIA: Estas prazas estaban nun centro onde non hai necesidade de cubrilas. Estudarase a posibilidade de cubrir noutros centros se hai algunha necesidade asistencial nova e informarase a Comisión de Centro.

PUNTO OITAVO.- COMISIONS DE SERVIZO: INFORMACION SOBRE OS ULTIMOS MOVIMENTOS.

Entrégaselles a listaxe (xúntase a acta).

PUNTO NOVENO.- VARIOS.

- 1.-- XERENCIA: Expón os OBXECTIVOS 2010 que se presentarán aos xefes de servizo o 6 e 7 de abril.
 - COMISION DE CENTRO: Solicita que se lles facilite copia dos obxectivos.
- 2.- XERENCIA: Externalizouse a limpeza ao 100 % da area. Hai tres limpadoras, que non fan labores da súa categoría e solicitaron a integración na categoría de celadora: Carmen Padín Vázquez e Yolanda Álvarez Piñeiro.
- 3.-- XERENCIA: Incrementouse unha praza de hixienista dental en Cangas para atender a poboación de Moaña, e reconvértese a praza de odontoloxía de modelo tradicional en novo modelo.

Trasladarase a Moaña, en canto haxa espazo.
- 4.-- O'MEGA: Ao centro de saúde de Casco Vello vai unha enfermeira que di que non vai utilizar o IANUS, ¿coñécese desde a xerencia?
 - XERENCIA: Daráselle formación

Remata a reunión as trece horas e dez minutos do día sinalado.



CENTRO	Cause vacante	ASIGNACIÓN	Mobildad interna 2009	ORIGEN	RESULTA
COIA TARDE	reserva servizos especiais	Mª Luisa Quintela Bermudez	punto 7	Xerat. Caide	
COIA TARDE	vacante(invalidez)	Isabel Cortés Lainfo	punto 7	CHUVI	
PONTERAREAS I	reserva servizos especiais	Mª Sol Varela Alvarez	punto 7	CHUVI	
PAC VIGO	vacante (enunció)	A. A.M.	punto 1		
DOBLADA I	fin comisión servizos	Isabel Montero	punto 5	Doblada II	lista general
CUBA I	Vacante(jubilación)	Victoria Miramontes	punto 4	Ponteareas II	lista general
TE/S I	Vacante(jubilación)	Nuria Fernandez Allerés	punto 8	CHUVI	
NICOLAS PENA	reserva servizos especiais	MªOlga Rodríguez Darna	punto 8	CHUVI	
MOANA	jubilación	Teresa Castroviejo	punto 8	CHUVI	
CASCO VELLO II	jubilación	Elena Perez Pernas	punto 5	Lavedores	Mª Luisa Quintela Bermudez
CENTRO	Causa vacante	ASIGNACIÓN	Mobildad interna 2010	ORIGEN	RESULTA
BEIRAMAR	Reserva comisión de servizos	Eugenia Amorin Ferreiro		Doblada II	lista general

**Xerencia de Atención Primaria
Vigo**

Tel. 986 816 460 - Fax 986 816 471
Rúa Rosalía de Castro 21-23
36201 Vigo (Pontevedra)